



BASES DE PARTICIPACION NA II CERFEIRA. FEIRA DA CERVEXA ARTESÁ DE SADA.

1.- A II Feira da Cervexa Artesá de Sada terá lugar nas carpas situadas no Paseo Marítimo os días 21, 22 é 23 de outubro de 2016.-

2.- A Feira permanecerá aberta ao público cos seguintes horarios:

- Venres día 21: dende as 19:00 ás 01:00 horas.
- Sábado día 22: dende as 12:00 ás 01:30 horas.
- Domingo día 23: dende as 12:00 ás 20:00 horas.

3.- Poderán presentar solicitude de participación na II Feira da Cervexa Artesá de Sada as persoas físicas ou xurídicas que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de elaboración de cervexa artesá estando excluídos os grandes grupos cervexeiros.

4.- Os solicitantes deberán cumplir os seguintes requisitos:

a) Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente á actividade que desenvolva.

b) Estar dado de alta na Seguridade Social no réxime correspondente, acreditando estar ao corrente do pago das súas obrigas fiscais e ca Seguridade Social.

5.- A firma e presentación da solicitude de participación constitúe un compromiso irrevocable por parte do solicitante de aceptar e acatar as normas específicas da Feira da Cervexa establecidas nas presentes bases, así como, as disposicións concretas que para o bo desenvolvemento da Feira fosen establecidas pola organización.

6.- Os interesados en participar deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega no Anexo I, acompañado da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI/ NIE/CIF do interesado.
- b) No caso das persoas xurídicas presentarase ademais fotocopia do DNI do representante legal.

O prazo de presentación de instancias será do 26 de setembro ao 11 de outubro de 2016 (a.i.).

7.- Os vehículos poderán acceder á zona da feira para descargar o stand no horario prefixado pola organización.

O venres dia 21 o horario será de 12:00 a 18:00 horas é o sábado e domingo será de 09:00 ás 11:00 horas. Os vehículos deberán ser retirados inmediatamente feita a descarga de material.

8.- Antes da montaxe dos postos, cada participante deberá presentar copia do certificado do número de rexistro sanitario e copia do xustificante de ingreso bancario correspondente á cantidade a abonar en concepto de taxas. No caso de non asistencia o día da montaxe ou de cancelación, o Concello de Sada cobrará o 100% do ingreso efectuado en concepto de gastos de anulación e danos e perxuzos a á organización.

9.- Todo cervexeiro artesá poderá colocar no seu espazo calquer elemento decorativo ou de merchandising da súa marca. Cada cervexeiro poderá traer e vender calquera artigo relacionado coa súa marca (gorras, camisetas...). As medidas máximas de cada posto son de 3x3 metros.

10.- A organización non asume ningunha responsabilidade en canto ao cumprimento de tódalas obrigas derivadas da actividade propia dos participantes (seguro de responsabilidade civil,, normativa de sanidade, CMA, pago das cotas da seguridade social, Facenda, etc).

11.- Respetaranse todas aquelas indicacións especificadas na Ordenanza Fiscal nº 16. Art. 2B do Concello de Sada.

12.- O prezo da montaxe do posto e de oitenta euros (80 €) polos 3 días de Feira.

O ingreso deberá estar feito e xustificado antes do 14 de outubro. O num. De conta onde facelo pago e na entidade ABANCA ES24 2080 5161 87 3110005369 aparecendo como concepto o nome da cervexa participante.

13.- O pago da taxa inclue vixiancia nocturna do recinto, actuacíons e actividades lúdicas, mesas, bancos, publicidade do evento, auga/luz e servizo de limpeza do recinto.

14.- Non está permitida a venda de cervexa que non sexa artesá como tampouco ningún outro tipo de bebida alcoólica nin produto de alimentacion.

15.-O servizo de abastecemento de auga e luz realizaranse nos lugares establecidos a tal fin pola organización. Cada participante deberá traer un cable alargadera para conectarase o punto de suministro electrico lonxitude minima de 10 metros. A propia organización habilitará un punto de auga para facilitar aos feirantes a limpeza de vasos.

16.- A Feira será inaugurada o venres día 21 ás 18:30 horas.

17.- A organización encargarase da venda dos vasos de cristal conmemorativos da Feira. A cervexa so poderá venderse no vaso conmemorativo, ata fin de existencias.

18.- Cada cervexeiro ten que cobrar a cervexa que pon a venda el mesmo. O prezo mínimo da caña será de dous euros (2€).

19.-Terase especial coidado co estado das cervexas, retirándose de inmediato aquellas que non sexan aptas para o consumo ou que estean en malas condicións. O incumprimento deste punto pode provocar a expulsión da Feira.

20.-A Feira contará con:

Ata dous restaurantes con carpa/foodtruck, na que se autoriza a venda de comida, quedando proibida a venda de calquera tipo de bebida alcoólica.

Un cupo máximo de 15 cervexeiros.


Un stand do Concello de Sada onde se venderán os vasos ao prezo dun euro (1 €)/Ud., que servirá para sufragar os custes de organización.

Mesas e bancos colocados polo Concello para uso dos participantes na Feira.

21.- O último día da Feira farase un sorteo e cada posto debe aportar un mímino de duas botellas para confeccionar os premios. Sortearanse ademais agasallos doados por empresas sadenses.

22.- Cada participante aportará un pack de duas botellas destinadas a realización de actividades co público asistente realizados por un/a animador/a.

Sada, 20 de setembro de 2016.-



Asdo.- Xosé Lois Suárez Becerra
Concelleiro delegado de Promoción Económica e
Medio Ambiente.